

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 22 DE DECEMBRO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE DIEGO CALVO POUSO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Soutomaior do treito final da estrada PO-264 (p.q.2+270-p.q.3+570), xunto co seu dominio público viario.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2025 do persoal sanitario funcionario ao servizo da Comunidade Autónoma incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma.
- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público para a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde para o ano 2025.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural do patrimonio inmaterial a música e o baile tradicionais de Galicia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio do Interior e a Xunta de Galicia en materia de seguridade nos edificios da Administración de Xustiza, para os anos 2026, 2027, 2028 e 2029, polo importe de nove millóns seiscientos mil euros (9.600.000,00€), tramitado como expediente anticipado de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 100 % derivados da orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2026, en réxime de concorrència competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia, por importe de catro millóns de euros (4.000.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria para o ano 2026, por un importe total de seis millóns trescentos mil euros (6.300.000,00 €), con carácter de expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza o expediente gasto de carácter plurianual, tramitado como anticipado de gasto, respecto da convocatoria de 1 bolsa de formación, dirixida a persoas cun título universitario para a realización de prácticas en comunicación das políticas comunitarias, na oficina da Fundación Pública Galicia Europa en Bruxelas, Bolsa Galicia Europa, e a concesión de pagamentos a conta por un importe superior ao 80 % da porcentaxe subvencionada.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade a establecer unha porcentaxe superior nos pagamentos anticipados ao recollido na normativa de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Tramitación anticipada do gasto. Importe: setecentos mil euros (700.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade a establecer unha porcentaxe superior nos pagamentos anticipados ao recollido na normativa de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2026. Tramitación anticipada do gasto. Importe total: un millón oitocentos cincuenta mil euros (1.850.000,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a eximir da constitución de garantías no pagamento anticipado derivado da Resolución pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección do Igape que aproba as bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas (Galicia Exporta Empresas 2026), cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, mediante a tramitación como anticipado de gasto, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència non competitiva, por un importe total de nove millóns de euros (9.000.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a eximir da constitución de garantías as entidades colaboradoras que participarán na xestión das axudas derivadas da Resolución pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección do Igape que aproba as bases reguladoras das axudas FOEXGA (Fomento das Exportacións Galegas), cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, mediante a tramitación como anticipado de gasto, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 en réxime de concorrència non competitiva, por un importe total de dous millóns trescentos oitenta mil euros (2.380.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a eximir da constitución de garantías no pagamento anticipado derivado da Resolución pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Igape que aproba as bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermedios 2026), cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, mediante a tramitación como anticipado de gasto, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència non competitiva, por un importe total dun millón setecentos mil euros (1.700.000,00 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Facenda e Administración Pública a subscribir corenta e catro mil seiscentos vinte e cinco (44.625) accións cun valor nominal de sesenta euros con dez céntimos (60,10 €) e cunha prima de emisión de 166,062940 € na ampliación de capital promovida pola Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (SOGAMA) por un importe total de dez millóns noventa e dous mil cincocentos vinte e un euros con vinte céntimos (10.092.521,20 €) e se autoriza a modificación do artigo 5 dos estatutos da devandita sociedade.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dunha addenda ao Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a xestión do plan de reforma e ampliación da rede de aulas CeMIT, cara a plena capacitación dixital da sociedade galega 2026-2029.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Lugo para a reurbanización da rúa Serra de Meira, por un importe total dun millón cento catro mil trescentos setenta euros con sesenta e nove céntimos (1.104.370,69 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura, por tramitación anticipada de gasto, do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Crecente, para a execución das obras de humanización e mellora do núcleo rural de Pazo na parroquia de Rebordechán, por un importe de trescentos corenta e catro mil novecentos noventa e cinco euros con corenta e nove céntimos (344.995,49 €).
- Acordo polo que se toma razón da Resolución pola que se acorda realizar unha oferta pública de adquisición, mediante compra, de locais situados no Concello de Ourense, para a súa transformación en vivendas de promoción pública con destino a alugamento, cun importe de dous millóns de euros (2.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación para a subministración sucesiva de uniformidade e calzado para persoal sanitario e non sanitario con destino ás áreas Ssanitarias do Servizo Galego de Saúde, de seis millóns cento sesenta e catro mil cento setenta e un euros con setenta e dous céntimos (6.164.171,72€) IVE engadido, e un valor estimado de nove millóns cincocentos nove mil catrocentos sesenta e cinco euros con cincuenta e tres céntimos, sen IVE (9.509.465,53€). Tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Acordo de Colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Servizo Galego de Saúde para a Implantación dun sistema de formación profesional dual intensiva do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico/a superior en Laboratorio Clínico e Biomédico, por un importe de trescentos setenta mil douscentos trinta e nove euros con noventa e un céntimos (370.239,91€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Acordo de Colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Servizo Galego de Saúde para a Implantación dun sistema de formación profesional dual intensiva do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico/a superior en dirección de cociña, por importe de trescentos setenta e oito mil trescentos corenta e cinco euros con oitenta e tres céntimos (378.345,83€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, a Universidade de Santiago de Compostela a través do Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías intelixentes (CITIUS) e a Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur, para a realización da estratexia *one health* na vixilancia molecular da lexiónelose en Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida ao abeiro da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas ao programa de mobilidade transnacional xuvenil, dirixido ás persoas mozas máis desfavorecidas inscritas e beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciado pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (programa Galicia Moza con Alma), por importe de seiscentos mil euros (600.000€). O expediente tramítase como anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Fundación Santa María La Real para a implantación en Galicia do Programa Hubs de activación da Empregabilidade: cuarto, quinto e sexto Hub, por importe total de cento cincuenta e seis mil cento setenta e cinco euros (156.175,00€). En canto teñamos nota disto, enviáremola, xa que isto ía na nota cos temas de formación nun parágrafo final.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual, na Orde pola que se modifica parcialmente a Orde do 8 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para o período 2025-2027 e se procede á primeira convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva para o financiamento de accións formativas do Sistema de Formación Profesional dos graos A, B e C, para persoas traballadoras desempregadas, para os anos 2025-2026 e se procede á súa segunda convocatoria para os exercicios 2026 e 2027, por un importe de corenta millóns de euros (40.000.000,00€); tramitado como anticipado de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual, a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados e a eximir as entidades con ánimo de lucro da constitución de garantías para a solicitude de anticipos, na Orde pola que se establecen, para o período 2026-2029, as bases reguladoras polas que se rexerán as accións formativas do Plan de formación para o emprego (persoas traballadoras ocupadas) e se procede á primeira convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva para o exercicio 2026-2027, por un importe total de dez millóns seiscientos vinte e dous mil setenta e oito euros (10.622.078,00 €); tramitado como anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a exención de garantías na realización de pagamentos a conta ás confrarías de pescadores, organizacións de produtores pesqueiros, cooperativas do mar, e demais entidades asociativas xuridicamente recoñecidas e constituídas por persoas pescadoras ou mariscadoras sen ánimo de lucro, nas subvencións que se concedan ao abeiro da Orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2026, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos para a protección e a recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante a recollida de residuos e de arribazóns de algas que poden afectar os bancos marisqueiros, coa participación das persoas pescadoras e mariscadoras, cofinanciada polo Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), por un importe total dun millón douscentos setenta e cinco mil euros (1.275.000,00€), tramitada como anticipado de gasto.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe das liñas de subvención de Augas de Galicia para o ano 2026.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre a resolución da V edición da convocatoria IGNICIA - Proba de Concepto 2025.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a convocatoria da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde do concurso-oposición para o ingreso en diversas clases de persoal funcionario sanitario da escala de saúde pública e administración sanitaria (Lei 17/1989, do 23 de outubro). OPES 2022-2023 e 2024 .

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a terceira convocatoria de axudas para o financiamento de accións formativas do Sistema de Formación Profesional dos graos A, B e C e competencias clave destinadas ás persoas traballadoras ocupadas para o exercicio 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR DO TREITO FINAL DA PO-264, AO SEU PASO POLO NÚCLEO DE ARCADE

- Transfírese o treito de 1,3 quilómetros de lonxitude desta vía autonómica, incluído todo o dominio público viario
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Xunta e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade o Concello de Soutomaior terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Soutomaior, do treito final da PO-264, comprendido entre os puntos quilómetros 2+270 e 3+590, xunto co seu dominio público viario.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Soutomaior asinaron un acordo para o cambio de titularidade deste treito da PO-264 Paredes (N550)-Arcade (N-550), que adquiriu a condición de vía urbana, ao soportar maioritariamente tráfico de carácter urbano e non resultar necesario para manter a continuidade e a coherencia da Rede Autonómica de Estradas de Galicia.

A transferencia deste treito a prol do Concello de Soutomaior tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Soutomaior terá a competencia para actuar nestes treitos das estradas autonómicas e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano do treito da vía autonómica obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA DÚAS NOVAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO CUN TOTAL DE 123 PRAZAS DE DIFERENTES POSTOS DA ADMINISTRACIÓN SANITARIA

- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes salienta que se ofertan “un total de 100 prazas para postos de difícil cobertura” nos diferentes centros sanitarios
- O Consello tamén deu luz verde ao decreto para a convocatoria de 23 prazas vinculadas a diversas categorías do ámbito da saúde pública e da administración sanitaria
- O Executivo galego esgota en ambos os casos a taxa máxima de reposición de efectivos que autoriza a lexislación básica do Estado
- O Servizo Galego de Saúde tamén deu conta ao Consello da Xunta da previsión de convocatoria de 54 prazas correspondentes ás ofertas públicas de emprego dos anos 2022, 2023 e 2024 de persoal sanitario funcionario (Lei 17/1989)

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, anunciou a aprobación esta mañá, no seo da xuntanza semanal do Consello da Xunta, dos decretos polos que se aproban dúas novas ofertas de emprego público de persoal estatutario do sistema público de saúde e de persoal sanitario funcionario, “cunha oferta global de 123 prazas”.

Máis concretamente, o Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se ofertan “un total de 100 prazas para postos de difícil cobertura” nos diferentes centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde.

Destas 100 prazas, tal e como apuntou Calvo, “41 pertencen a diferentes categorías de facultativos especialistas en hospitais comarcais, 27 son de médico de urxencias e 32 pertencen á categoría de pediatra de atención primaria”. Do total de prazas, 7 delas estarán reservadas á quenda de discapacidade xeral (*ver anexo*).

Con esta oferta a Xunta complementa a aprobada a través do Decreto 52/2025, do 23 de xuño, e esgota a taxa máxima de reposición de efectivos autorizada pola lexislación básica do Estado, que é do 120 %, ao tratarse dun sector prioritario.

23 prazas para diversas categorías de Saúde Pública

Durante a reunión desta mañá, o Goberno galego tamén aprobou o decreto da nova oferta pública de emprego para as escalas sanitarias da Lei 17/1989, do 23 de outubro, que incluírá un total de “23 prazas vinculadas ao eido da saúde pública e da administración sanitaria”, explicou o conselleiro.

En concreto, serán de “5 prazas de farmacéutico inspector de saúde pública, 7 de inspector médico (1 reservada á quenda de discapacidade), 1 de licenciado en ciencias biolóxicas e 10 de subinspector sanitario (1 reservada á quenda de discapacidade)”, especificou.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O sistema de selección será o de concurso-oposición e respectará os principios de libre concorrência, igualdade, mérito e capacidade.

De igual xeito que no ano anterior decreto, con esta oferta, a Xunta esgotará a taxa máxima de reposición de efectivos autorizada pola lexislación básica do Estado, que é do 110 %, ao tratarse dun sector non prioritario.

Convocatoria con 54 prazas de funcionario sanitario

Xunto cos dous decretos autorizados esta mañá, a Consellería de Sanidade tamén informou o Consello da Xunta dunha nova oferta pública de emprego con 54 prazas de diversas clases de persoal funcionario sanitario da escala de saúde pública e administración sanitaria.

Neste caso, tal e como explicou Diego Calvo, o número de prazas de funcionario "correspóndense coas ofertas públicas de emprego dos anos 2022, 2023 e 2024", que serán convocadas mediante o sistema de concurso-oposición.

Serán, en concreto, "12 prazas de farmacéutico inspector de saúde pública, 10 de inspector médico, 2 de licenciado en ciencias biolóxicas, 3 de licenciado en ciencias químicas, 8 licenciado en farmacia, 4 de licenciado en psicoloxía, 7 de enfermería e 8 de subinspector sanitario", apuntou.

Con estas convocatorias o Goberno galego dá resposta ás necesidades organizativas e de persoal da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, garantido a calidade asistencial, xunto coa eficacia e a eficiencia dos seus recursos. Ademais, mantén a súa aposta pola estabilidade profesional do persoal que desempeña o seu labor na rede sanitaria pública galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Relación de prazas ofertadas na OPE Difícil cobertura 2025		
Categoría/Especialidade	Total prazas ofertadas	Reserva discapacidade xeral
FACULTATIVO/A ESPECIALISTA EN ANÁLISES CLÍNICAS	2	0
FACULTATIVO/A ESPECIALISTA EN CIRURXÍA ORTOPÉDICA E TRAUMATOLOXÍA	5	0
FACULTATIVO/A ESPECIALISTA EN CIRURXÍA XERAL E APARELLO DIXESTIVO	7	0
FACULTATIVO/A ESPECIALISTA EN FARMACIA HOSPITALARIA	1	0
FACULTATIVO/A ESPECIALISTA EN HEMATOLOXÍA E HEMOTERAPIA	1	0
FACULTATIVO/A ESPECIALISTA EN MEDICINA FÍSICA E REHABILITACIÓN	1	0
FACULTATIVO/A ESPECIALISTA EN MEDICINA INTERNA	3	0
FACULTATIVO/A ESPECIALISTA EN NEFROLOXÍA	3	0
FACULTATIVO/A ESPECIALISTA EN NEUROLOXÍA	1	0
FACULTATIVO/A ESPECIALISTA EN OBSTETRICIA E XINECOLOXÍA	1	0
FACULTATIVO/A ESPECIALISTA EN OFTALMOLOXÍA	1	0
FACULTATIVO/A ESPECIALISTA EN OTORRINOLARINGOLOXÍA	2	0
FACULTATIVO/A ESPECIALISTA EN PEDIATRÍA E AS SÚAS ÁREAS ESPECÍFICAS	2	0
FACULTATIVO/A ESPECIALISTA EN PNEUMOLOXÍA	1	0
FACULTATIVO/A ESPECIALISTA EN PSICOLOXÍA CLÍNICA	2	0
FACULTATIVO/A ESPECIALISTA EN PSIQUIATRÍA	2	0
FACULTATIVO/A ESPECIALISTA EN RADIODIAGNÓSTICO	1	0
FACULTATIVO/A ESPECIALISTA EN REUMATOLOXÍA	1	0
FACULTATIVO/A ESPECIALISTA EN UROLOXÍA	2	0
MÉDICO/A DE HOSPITALIZACIÓN A DOMICILIO	2	0
MÉDICO/A DE URXENCIAS	27	3
Total de prazas hospitalarias	68	3
PEDIATRA DE ATENCIÓN PRIMARIA	32	4
Total de prazas de Atención Primaria	32	4
Total prazas da Oferta	100	7

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL A MÚSICA E O BAILE TRADICIONAIS GALEGOS

- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, sinala que o Consello dá o visto e praxe a este recoñecemento na categoría de patrimonio inmaterial “para poñer en valor un dos elementos máis importantes da identidade cultural galega: o noso folclore”
- Conta con informes favorables do Museo do Pobo Galego e do Museo Etnolóxico de Ribadavia e a participación das comunidades e entidades implicadas
- Esta protección inclúe medidas de salvagarda para preservar axeitadamente esta herdanza cultural ás xeracións futuras
- Crearase un arquivo audiovisual público en rede e introducirase no ensino formal materiais didácticos que fomenten o seu coñecemento
- A declaración farase oficial nos vindeiros días coa súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, co que se elevan a 794 os BIC existentes na Comunidade

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, informou hoxe de que a Xunta declara Ben de Interese Cultural a música e o baile tradicionais na categoría de patrimonio inmaterial “para poñer en valor un dos elementos máis importantes da identidade cultural galega: o noso folclore”. Así se acordou hoxe no Consello, onde se lle deu o visto e praxe ao decreto, que se publicará nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia* e co que se lle outorga o máximo nivel de protección a ambos os dous xeitos de expresión, xa que se recoñece que na tradición cultural galega o baile precisa da música para expresarse, polo que é inseparable dela.

Esta declaración, que elevará a 794 o número de Bens de Interese Cultural existentes en Galicia, chega tras recibir os informes favorables e motivados sobre o seu valor sobranceiro do Museo do Pobo Galego e do Museo Etnolóxico de Ribadavia, así como as achegas das comunidades e das entidades implicadas, o que permite culminar o proceso iniciado en novembro de 2024 pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Deste xeito, neste expediente os técnicos recoñecen a fonda pegada no pasado e no presente de Galicia da práctica tradicional do baile e da música, a súa dimensión histórica e a súa importancia como espazo de intercambio, de aprendizaxe, de sociabilidade ou de diálogo. De igual xeito, tal e como apuntou Calvo, o decreto tamén pon en valor “o gran labor que realizan as asociacións folclóricas” e das representacións escénicas como transmisores, estudosos e custodios de saberes do patrimonio inmaterial e da súa documentación, como por ser parte fundamental da difusión da identidade cultural galega.

Cantareiras, pandeireteiras e comunidades portadoras

Entre as cuestións relevantes desta declaración está o recoñecemento do “gran protagonismo que teñen as mulleres no folclore galego”, segundo salientou o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes. Así, son erixidas como as principais custodias dunha parte senlleira da memoria colectiva galega, capaces de conectar e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

reintegrar a tradición centenaria do pasado rural campesiño co presente urbano, con vocación de ficar no futuro.

Da mesma forma, outórgaselle un papel relevante á figura de portadora, aquela que posúe saberes, coñecementos, técnicas e métodos relacionadas co estudo, memoria, e vivencia do baile e da música tradicional galega, incluíndo calquera dos planos prácticos nos que pode darse ou verse relacionada a execución, a transmisión ou a artesanía.

Neste expediente recoñécese tamén o traballo de transmisión e difusión que se fai desde o tecido asociativo, nas escolas de ensino regrado e non regrado, nas agrupacións, desde os proxectos musicais ou desde as foliadas que se organizan en todo o territorio galego. Nesta liña, subliñase que as asociacións folclóricas fixeron un labor de documentación, transmisión e difusión de valor inestimable para Galicia o que lles outorga un valemto para seren consideradas unha manifestación cultural máis da música e do baile tradicionais de Galicia, pertencente ás artes do espectáculo.

Medidas de salvagarda

Nesta distinción de ben de interese cultural tamén se recollen unhas medidas de salvagarda para garantir que as vindeiras xeracións manteñan axeitadamente a herdanza cultural e o senlleiro legado patrimonial inmaterial contido na música e no baile tradicionais de Galicia, pola vez que para posibilitar a correcta transmisión desta manifestación cultural.

Segundo se recolle no decreto, estas medidas de protección teñen tres grandes focos de actuación. O primeiro deles estará vencellado coa investigación, o segundo punto incidirá na transmisión, no ensino e na sensibilización, e o terceiro grupo de accións estará encamiñado á protección, á conservación, ao mantemento e á revitalización.

Arquivo audiovisual público na rede e ensino formal

Deste xeito, propiciárase que o sistema universitario galego contribúa ao fomento activo da investigación científica e académica sobre o baile e a música tradicional galegas. Ademais, tamén se posibilitará que os organismos e as administracións públicas asinen convenios con fundacións, asociacións ou padroados de titularidade privada de cara ao inventario, á catalogación, e á dixitalización de arquivos sobre material de música e bailes tradicionais. O obxectivo é a creación dun arquivo audiovisual público na rede, gratuíto e de libre acceso que conteña este material.

Ademais, solicitarase a colaboración do colectivo de docentes de Galicia para a elaboración de materiais didácticos no ensino formal de cara á adquisición de coñecementos básicos de baile e música tradicionais de Galicia. En canto ao ámbito do ensino non formal, solicitarase a colaboración das ANPAS e outros colectivos de cara á implantación de actividades extraescolares con estas materias.

Finalmente, recóllese que, transcorridos nove anos desde a declaración deste ben de interese cultural, se elaborará un estudo de actualización que avalíe o estado do ben de interese cultural e do impacto que sobre este exerceron tanto os procesos contemporáneos como a aplicación destas medidas de salvagarda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 9,6M€ Á SEGURIDADE NOS EDIFICIOS XUDICIAIS GALEGOS PARA O PERÍODO 2026-2029 A TRAVÉS DUN CONVENIO CO MINISTERIO DO INTERIOR

- O Consello do Goberno galego aprobou o proxecto de acordo polo que se autoriza a colaboración
- Máis de 200 efectivos de Garda Civil e Policía Nacional prestarán o servizo de vixilancia e protección en 56 sedes xudiciais

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración co Ministerio do Interior en materia de seguridade nos edificios da Administración de Xustiza en Galicia. Así, ao abeiro desta iniciativa, o Goberno galego destinará 9,6 millóns de euros no período 2026-2029 para que efectivos das forzas e corpos de seguridade do Estado realicen labores de vixilancia e protección nas instalacións xudiciais.

A colaboración por parte do ministerio céntrase na constitución en Galicia das unidades específicas para a prestación do servizo e na determinación do número de efectivos precisos. Trátase de persoal da Garda Civil en situación de reserva e da Policía Nacional en activo cun mínimo de 25 anos de servizo que realizarán o labor de xeito voluntario. Pola súa banda, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes proporcionará a información e os medios precisos para o desenvolvemento deste labor.

Esta prestación do servizo de vixilancia será desenvolvido por un máximo de 209 efectivos, 81 da Policía Nacional e 128 da Garda Civil, destinados en 56 sedes xudiciais repartidas en 45 localidades.

Desde a primeira sinatura en 2006 ata este ano, a Xunta investiu na prestación do servizo de seguridade nos edificios da Administración de Xustiza en Galicia preto de 28 millóns de euros no marco do acordo co Ministerio do Interior. Cómpre sinalar que o número de efectivos dedicados a este labor medrou desde os 52 do primeiro ano de colaboración ata os 209 actuais.

Segundo establece o documento aprobado hoxe, o convenio terá unha vixencia de catro anos prorrogables por outros catro por acordo expreso das partes. Cada ano tramitaranse as addendas económicas precisas para a actualización da prestación do servizo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 4M€ A AXUDAS A ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS E DE MULLERES RURAIS E ÁS COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DE GALICIA

- En 2026 consolídase o incremento dun millón de euros aplicado este ano con respecto ás anteriores convocatorias ante a elevada demanda rexistrada cada ano e a importancia social das necesidades atendidas
- Como novidade, no caso das comunidades de usuarios de augas o vindeiro ano dáselles prioridade ás obras nas infraestruturas básicas das traídas de auga afectadas por un incendio forestal no pasado verán
- As achegas poden acadar a totalidade do investimento realizado cun límite máximo por entidade de 12.000 euros para a realización de obras e de 5.000 euros para dotación de equipamentos
- A través desta medida fináncianse os investimentos nos inmobles da súa titularidade e na adquisición do material necesario para o seu funcionamento

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 100 % na convocatoria de subvencións para 2026 do Plan específico de acción comunitaria, destinada a asociacións, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia. Esta liña de apoio, dotada con 4 millóns de euros, consolida o vindeiro exercicio o incremento dun millón de euros aplicado este ano con respecto ás convocatorias anteriores, en resposta á elevada demanda que se rexistra cada ano e á importancia social das necesidades atendidas.

Ademais, como novidade na convocatoria de 2026, no caso das comunidades de usuarios de augas, dáselles prioridade ás obras de mellora, reforma e reparación nas infraestruturas básicas das traídas de auga afectadas por un incendio forestal durante o verán de 2025 nas zonas declaradas en situación operativa 2.

O Plan específico de acción comunitaria enmárcanse no compromiso do Goberno galego co asociacionismo local polo seu importante papel na dinamización vida social e cultural da contorna e na mellora da calidade de vida da cidadanía. Ademais, estes colectivos son o ámbito máis próximo á veciñanza e, polo tanto, constitúen unha canle fundamental para trasladar as súas demandas.

As entidades beneficiarias deberán estar inscritas no rexistro de asociacións da comunidade no caso das entidades veciñais e de mulleres rurais e no libro de rexistro de augas do correspondente organismos de bacía como titulares de aproveitamento de augas. Todas elas deberán conter na súa denominación a identificación como asociación de veciños, federación, confederación ou unión de asociación de veciños ou como asociación de mulleres rurais.

A través desta orde, o Goberno galego contribúe a mellorar a calidade da vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal. Deste xeito, poderán ser obxecto de subvención os gastos ocasionados como consecuencia de investimentos realizados en inmobles da titularidade das entidades solicitantes ou sobre os que teña dereito de uso,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

no caso das asociacións de veciños e de mulleres rurais, así como os equipamentos necesarios para o seu funcionamento, todos eles orientados ao cumprimento dos fins da entidade e o seu funcionamento ordinario, e as obras nas traídas de auga comunitarias.

Apoio a obras e equipamento

Entre os proxectos subvencionables inclúense dúas liñas, unha delas dotada con 3,4 millóns de euros, para obras de acondicionamento, reforma e ampliación dos locais sociais onde as entidades veciñais e de mulleres rurais desenvolven a súa actividade e obras de mellora, reforma e reparación de infraestruturas e instalacións das traídas de auga comunitarias promovidas por comunidades de usuarios de augas.

A outra liña de axudas financia, cunha achega de 600.000 euros, a adquisición de equipamento necesario para o funcionamento das organizacións beneficiarias. En concreto, mobiliario, material de oficina, equipamento informático ou acústico e audiovisual, ademais doutro material básico para actividades específicas.

As axudas económicas que se concedan poderán acadar a totalidade do investimento realizado cun límite máximo por entidade de 12.000 euros para a realización de obras e de 5.000 euros para a dotación de equipamentos.

A orde tramitarase en réxime de concorrència competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas segundo os criterios de valoración establecidos nesta. Ademais, mantense a posibilidade da concesión de anticipos de ata o 100 %, que se farán efectivos unha vez realizada a notificación da subvención, por solicitude da entidade beneficiaria.

O incremento na contía deste ano permitiu beneficiar preto de 400 colectivos, case un cento máis que os 300 do ano pasado. Medrou tamén o número de proxectos impulsados, con 454 actuacións fronte ás 341 de 2024. A meirande parte das entidades beneficiarias son da provincia de Pontevedra, con 172 actuacións subvencionadas por 1,7 millóns e de Ourense, con 128 proxectos por un montante de máis de 1 millón de euros. Pola súa banda, Lugo sumou 82 axudas, e A Coruña 76 con investimentos de 653.200 e 549.500 euros respectivamente. Desde a posta en marcha da medida, en 2016, a Xunta investiu preto de 30 millóns de euros nestas axudas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PROXECTOS DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO NO EXTERIOR CUN ORZAMENTO DE 6,3M€

- O Consello do Goberno galego aprobou estas axudas plurianuais que consolidan a nova liña de apoio a organizacións de defensa dos dereitos das mulleres
- Destínanse máis de 4,3M€ para os proxectos no exterior de ONGD, 700.000 € para outros axentes de cooperación e máis de 1,2M€ para proxectos de xénero
- Coa finalidade de acadar unha maior redistribución dos fondos poderanse financiar como máximo dous proxectos en cada liña, sempre que un deles se leve a cabo nun país considerado prioritario no V Plan director da cooperación galega

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, que incrementan o importe a 6,3 millóns de euros fronte aos 6 millóns da convocatoria anterior. Das axudas totais, máis de 4,3 millóns son para proxectos no exterior de ONGD e outros 700.000 euros para proxectos no exterior doutros axentes. Os máis de 1,2 millóns restantes destínanse a consolidar a liña de axudas creada o ano pasado para o apoio a organizacións de defensa dos dereitos das mulleres.

Neste último caso, as entidades solicitantes deberán contar con experiencia na execución de proxectos de xénero ou en apoio ao movemento feminista e de mulleres financiados pola Xunta, previa á publicación da convocatoria. Ademais, deberán presentar como contraparte ou socio local unha organización de mulleres que traballe pola promoción dos dereitos da poboación feminina, que leve legalmente constituída como mínimo dous anos e que teña experiencia na execución de cando menos catro proxectos en defensa dos dereitos das mulleres.

A través desta orde fináncianse proxectos cuxo obxectivo é o de propiciar o desenvolvemento integral dos países de intervención, contribuír á mellora das condicións de vida dos seus habitantes, e aliviar e corrixir as situacións de pobreza para acadar un desenvolvemento humano solidario.

Cobertura de necesidades básicas

Así, coas actuacións previstas preténdese dar cobertura ás necesidades sociais básicas, como a educación e a saúde, o abastecemento de auga e saneamento, a xestión de recursos hídricos, a habitabilidade e tamén a promoción do tecido económico en materia de agricultura, desenvolvemento rural, pesca e acuicultura.

O período de execución dos proxectos abrangue ata 2027 e pódese solicitar o anticipo previsto para a segunda anualidade cunha porcentaxe de execución da primeira anualidade do 75 %. Ademais, permítese presentar a documentación xustificativa nun prazo de tres meses desde que finalicen as actividades subvencionadas e dúplícase o período de execución dos proxectos, de tres a seis meses. Estas modificacións resultan

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

da adaptación da Lei 10/2021, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento da comunidade.

Coa finalidade de acadar unha maior redistribución dos fondos poderanse financiar como máximo dous proxectos, tanto no caso de execución por parte de ONGD como doutros axentes, e ben sexa individuais o en agrupación. Deben cumprir o requisito de que polo menos un dos proxectos sexa executado nun país definido como prioritario no V Plan director da cooperación galega, isto é, Nicaragua, Guatemala, Honduras, O Salvador, A República Dominicana, Perú, Ecuador, Bolivia, Mozambique, Guinea Bissau e Cabo Verde.

A subvención distribúese cun 35 % en 2026 e un 65 % en 2027. En concreto, cunha dotación de 2,2 millóns neste ano e os case 4,1 millóns restantes se reservan para o próximo exercicio. Nos últimos cinco anos o Goberno galego destinou a esta iniciativa preto de 30 millóns de euros.

Formación en políticas comunitarias

Por outra banda, o Consello da Xunta aprobou tamén hoxe a convocatoria da Fundación Galicia Europa (FGE) dunha bolsa destinada a persoas con título universitario para a realización de prácticas en comunicación das políticas comunitarias. O programa formativo ten unha duración de 11 meses e desenvolverase na oficina da Fundación Pública Galicia Europa en Bruxelas. A incorporación da persoa bolseira está revista para marzo de 2026.

A medida enmárcase no programa anual que a FGE leva a cabo cada ano para potenciar o coñecemento sobre asuntos comunitarios desde unha perspectiva galega ao tempo que facilita a incorporación ao mercado laboral das persoas beneficiarias. O importe da bolsa ascende a case 18.000 euros e inclúe salario, Seguridade Social, axuda para desprazamentos e cobertura sanitaria.

A Fundación Galicia Europa (FGE) é unha entidade instrumental do sector público autonómico creada en 1988 co fin de promover todas as accións que propicien o achegamento entre Galicia e Europa. Conta con dúas oficinas: unha presente en Santiago de Compostela e outra en Bruxelas, formando parte esta última das preto de 300 delegacións rexionais establecidas na capital comunitaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 2,5 M€ A APOIAR A MULLERES EN ESPECIAL SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE

- Aprobadas dúas convocatorias para financiar programas de entidades de iniciativa social dirixidos a vítimas da violencia de xénero; de explotación sexual, laboral ou de trata; migrantes, emigrantes retornadas, refuxiadas ou reclusas
- A través da primeira liña de axudas, cun orzamento de 1,8 millóns de euros, financiaranse actuacións de atención psicolóxica, de asesoramento xurídico, de mediación ou para a adquisición de habilidades persoais ou sociais
- A segunda está dotada de 700.000 euros e ten como obxectivo favorecer a inserción social e laboral de vítimas da violencia de xénero

A Xunta destina máis de 2,5 millóns de euros a dúas convocatorias de axudas para o ano 2026 dirixidas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que desenvolvan programas centrados na atención a mulleres en situación de especial vulnerabilidade. O Consello da Xunta deu luz verde hoxe a estas ordes, que se prevé publicar no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o vindeiro mes de xaneiro.

A primeira liña de subvencións ten un orzamento de máis de 1,8 millóns de euros, sendo a achega máxima por entidade de 40.000 euros. Está dirixida a vítimas da violencia de xénero, de explotación sexual, laboral ou de trata; mulleres migrantes ou pertencentes a colectivos étnicos minoritarios; emigrantes retornadas, refuxiadas ou reclusas.

A través desta convocatoria, cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, a Xunta financiará accións que leven a cabo as entidades de iniciativa social para prestar unha atención integral e personalizada a estas mulleres: atención psicolóxica, asesoramento xurídico, mediación, adquisición de habilidades persoas e sociais e apoio e orientación laboral.

Tamén se apoiarán programas e recursos específicos para mulleres xestantes ou lactantes en situación de especial vulnerabilidade que teñan fillas ou fillos menores de tres anos.

Desde o 2009, máis de 78.000 mulleres que se atopaban nunha situación complicada beneficiáronse dos programas realizados ao abeiro desta orde de axudas.

Plans personalizados para a busca de emprego

A segunda convocatoria aprobada esta mañá conta cun orzamento de 700.000 euros financiados polo Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Estás fondos están destinados especificamente a sufragar programas que promovan a entrada ou a reincorporación ao mundo laboral de mulleres que estean ou estivesen nesta situación. Neste caso, o importe máximo de cada axuda é de 80.000 euros e as propostas das entidades que se poderán acoller a estas achegas son itinerarios de inserción que inclúan: un plan de acción personalizado para a busca de emprego, orientación profesional e asesoramento laboral, acompañamento na busca activa de traballo ou intermediación laboral. Así mesmo, sufragaranse todas aquelas actuacións dirixidas a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

incrementar as expectativas de mellora da empregabilidade e as posibilidades de inserción laboral das participantes.

A Xunta tamén financia con esta convocatoria cursos de formación, actuacións de apoio á conciliación e bolsas para as participantes para compensarlles gastos de desprazamentos ou outros derivados da súa asistencia ás actividades do programa.

Con esta orde, o Goberno galego procura facilitar o ingreso ou a reincorporación ao ámbito laboral a mulleres que viven ou viviron situacións de violencia de xénero. De feito, nestes programas establécese de xeito obrigatorio un obxectivo de inserción laboral de polo menos o 10 % das participantes.

Desde 2016 a través desta liña de subvencións preto de 3.000 mulleres participaron nestes programas e máis de 600 acadaron a súa inserción laboral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTIVA MÁIS DE 13 M€ PARA IMPULSAR A SAÍDA AO EXTERIOR DAS EMPRESAS GALEGAS E DIVERSIFICAR A SÚA PRESENZA CON ACCIÓNS EN MÁIS DE 80 PAÍSES

- O Goberno galego lanza unha nova convocatoria das liñas Galicia Exporta Empresas e Galicia Exporta Organismos Intermedios para apoiar accións de promoción exterior e mellorar o posicionamento das empresas nos mercados internacionais
- Galicia Exporta Empresas, cun orzamento de 9 M€, oriéntase tanto a compañías non exportadoras ou con escasa experiencia internacional como a empresas xa internacionalizadas co obxectivo de consolidar e ampliar a súa presenza no exterior
- Galicia Exporta Organismos Intermedios, cunha partida de 1,7 M€, apoiará actuacións agrupadas de internacionalización, favorecendo a promoción e a cooperación
- Actívase, de forma complementaria, unha nova convocatoria do programa Foexga, dotada con 2,38 M€, para impulsar misións comerciais e accións de promoción exterior

A Xunta de Galicia aprobou no Consello da Xunta que tivo lugar esta mañá un novo plan de apoio á internacionalización que mobiliza máis de 13 millóns de euros para reforzar a presenza das empresas galegas nos mercados internacionais e avanzar na diversificación xeográfica das exportacións. As medidas artéllanse a través de novas convocatorias dos programas Galicia Exporta Empresas, Galicia Exporta Organismos Intermedios e Foexga, todas elas en réxime de concorrència non competitiva.

Deste xeito, o Goberno galego reforza a súa aposta pola internacionalización como un dos eixos prioritarios da política económica, e permítelles ás empresas mellorar a súa competitividade, acceder a novos mercados, gañar tamaño e reforzar a marca Galicia no exterior, contribuíndo á creación de emprego e ao crecemento económico.

Neste contexto, a liña Galicia Exporta Empresas, cun orzamento de 9 millóns de euros, ten como obxectivo apoiar accións de promoción exterior e mellora da competitividade internacional das pemes galegas, tanto das que inician a súa actividade exportadora como das que buscan consolidar ou ampliar a súa presenza no exterior.

As axudas estrutúranse en tres bloques: promoción internacional, competitividade internacional e internacionalización dixital e e-commerce, cunha intensidade de subvención do 70 %, ata un máximo de 150.000 euros por empresa. Cómpre destacar que as bases permiten anticipos de ata o 50 % sen necesidade de garantías, co fin de facilitar o acceso ao financiamento. A convocatoria prevé arredor de 1.000 accións, a participación de 325 pemes e actuacións en máis de 80 países.

Así mesmo, a Xunta destina 1,7 millóns de euros á convocatoria Galicia Exporta Organismos Intermedios, dirixida a asociacións empresariais, clústeres, consellos reguladores e centros tecnolóxicos, co obxectivo de apoiar actuacións conxuntas de internacionalización e favorecer a cooperación empresarial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As axudas permitirán financiar accións de promoción internacional, márketing e comunicación exterior e mellora da competitividade, cunha intensidade do 70 %, ata un máximo de 400.000 euros por beneficiario, e con posibilidade de anticipos sen garantías. A previsión é acadar 200 accións e a participación de 450 pemes en máis de 40 países.

Misións internacionais

De xeito complementario, a Xunta activa a convocatoria Foexga 2026, dotada con 2,38 millóns de euros, para incentivar a internacionalización real das pemes galegas mediante a participación en feiras, misións comerciais e outras accións de promoción exterior organizadas polas cámaras de comercio como entidades colaboradoras.

A previsión do programa inclúe 120 accións obxectivo e arredor de 700 participacións empresariais, cun foco especial en mercados prioritarios de Europa, América, África, Oriente Medio, Asia e Oceanía, buscando unha maior diversificación xeográfica das exportacións galegas.

Con estas tres novas convocatorias, o Goberno galego destina máis de 13 millóns de euros a reforzar a posición das empresas galegas nos mercados internacionais, que se suman aos máis de 85 millóns de euros mobilizados na última década a través destas liñas de apoio. As convocatorias publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* en xaneiro de 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APORTA 10 M€ A SOGAMA PARA COMPENSAR O CANON REDUCIDO QUE APLICOU EN 2025 ÁS ENTIDADES LOCAIS

- Un total de 280 dos 295 concellos adheridos ao modelo da empresa pública acolléronse á tarifa de 95 €/Tn, fronte aos 108 €/Tn do canon xenérico, supeditado ao cumprimento de requisitos de redución da produción de lixo ou de reciclaxe
- Estes 10 millóns de euros súmanse aos 12 millóns distribuídos tamén en 2025 entre todos os concellos galegos a través do Fondo de Compensación Ambiental
- O Goberno galego cumpre así co compromiso de asumir con fondos propios o 60 % da suba do canon derivada dos impostos recollidos na Lei de residuos e solos contaminados para unha economía circular e doutra serie de decisións estatais

O Consello da Xunta deu conta hoxe do acordo do Goberno galego de achegar 10 millóns de euros á Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama) para compensar o canon reducido a que se acolleron este ano 280 concellos (dos 295 adheridos a este modelo de xestión de residuos, que é o maioritario en Galicia), e mediante o cal están a aboar unha tarifa menor: en concreto, 95 euros por tonelada de lixo tratada fronte aos 108 euros de canon xeral.

Este menor desembolso está supeditado ao cumprimento dun destes dous requisitos: reducir a produción de lixo nun 1 % respecto do ano inmediatamente anterior ou ben incrementar, nun 3 %, a achega á reciclaxe de bolsa amarela (envases de plástico, latas e briks recollidos a través do contedor da mesma cor) ou á compostaxe da bolsa marrón (materia orgánica recollida a través do contedor marrón).

Cómpre lembrar que estes 10 millóns de euros achegados pola Xunta a Sogama súmanse aos 12 millóns distribuídos xa este ano a través do Fondo de Compensación Ambiental entre todos os concellos galegos.

O Goberno galego cumpre así co compromiso de asumir con fondos propios o 60 % da suba do canon de Sogama para 2025, motivada pola aplicación dos impostos recollidos na Lei estatal de residuos e solos contaminados para unha economía circular, aos que a Xunta se opuxo no seu momento, considerando que o incentivo, e non a penalización, constituía a vía para estimular a redución e a reciclaxe do lixo.

Estes tributos están a supoñer para Sogama un impacto anual de 9 M€, cifra a que debe engadirse o resultado económico dunha serie de decisións unilaterais adoptadas polo Estado, como foi a supresión da retribución ao investimento da planta termoeléctrica do Complexo cercedense, comprometida ata o ano 2026, e pola que Sogama deixou de ingresar 18 M€ anuais, a redución da retribución á explotación da planta de coxeración e a recuperación do imposto eléctrico do 7 %.

Estas medidas foron as responsables de que Sogama rematara o exercicio de 2023 cunhas perdas de 18 millóns de euros e un desequilibrio económico de máis de 30 millóns logo de moitos anos de estabilidade financeira que lle permitiu realizar

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

investimentos por un importe superior a 100 millóns de euros, incorporando melloras de calado ao servizo que presta aos concellos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A REDE CEMIT ABRINDO A PORTA Á INCORPORACIÓN DE NOVAS AULAS

- Ampliase a colaboración que mantén coa FEGAMP para difundir a iniciativa e facilitar a adhesión de novos municipios
- As entidades interesadas deben contar cun espazo para a aula e unha persoa que a xestione
- A Xunta proporciona equipamento e acceso a diversidade de contidos formativos
- Actualmente a Rede esta integrada por 93 aulas, presentes en 90 concellos e conta con máis de 120.000 usuarios rexistrados
- A Administración autonómica destina máis de 1.000.000 euros anuais ás aulas, ás que proporciona infraestrutura tecnolóxica e formación

A Xunta quiere ampliar o alcance da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica de Galicia (CeMIT), abrindo a porta á incorporación de novas aulas. Para facilitar a adhesión dos concellos, a Administración reforzará a colaboración que vén mantendo coa FEGAMP, a través da prórroga dun convenio de que foi informado hoxe o Consello da Xunta e que se asinará nos vindeiros días.

Na actualidade, a Rede conta con 93 aulas distribuídas en 90 concellos, que desempeñan un papel fundamental na formación e na capacitación dixital da cidadanía galega. Para incorporarse á Rede, os concellos interesados deben dispoñer dun espazo físico destinado á aula, así como dunha persoa responsable da súa xestión e dinamización. Pola súa banda, a Xunta de Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), asume a dotación do equipamento tecnolóxico necesario e o deseño e a subministración de parte dos contidos formativos.

A Amtega destina máis de 1.000.000 euros anuais ás aulas, ás que proporciona infraestrutura tecnolóxica, un plan de formación e subvención, no caso de ser aulas de referencia (as que compren un determinado limiar de horas de formación e/ou tutorización).

Alfabetización, consultas e formación especializada

As aulas da Rede ofrecen, principalmente, formación en alfabetización e capacitación dixital, cunha oferta de cursos orientados ao uso seguro de internet, ao manexo de dispositivos móbiles, á administración electrónica ou á banca dixital, entre outros contidos habituais. Xunto a esta formación básica, tamén se desenvolven actividades máis avanzadas e especializadas, como a impresión 3 D, o pilotaxe de drons, a programación e a robótica, as experiencias inmersivas con realidade virtual, a xestión da identidade e da pegada dixital nas redes sociais ou a utilización de ferramentas baseadas na intelixencia artificial.

Ademais da formación, as aulas funcionan como puntos de apoio tecnolóxico para a cidadanía, atendendo consultas e resolvendo dúbidas de carácter dixital. Así mesmo, acollen iniciativas complementarias en colaboración con outras entidades, como obradoiros para promover as vocacións tecnolóxicas entre a mocidade —con especial atención á participación das nenas—, actividades dixitais de carácter interxeracional ou

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

accións formativas específicas en control parental e banca dixital dirixidas ás persoas maiores.

A programación formativa está dirixida a usuarios de todas as idades. O perfil máis habitual corresponde a mulleres de entre 45 e 55 anos, aínda que o grupo de persoas maiores de 65 anos se incrementou de maneira significativa nos últimos anos, ata superar xa as 19.000 persoas rexistradas.

A Rede constitúe tamén un espazo de referencia para a obtención do certificado galego de competencias dixitais (ComDiX). Ao longo de 2024 celebráronse as primeiras convocatorias, nas que participaron preto dun milleiro de persoas e durante este ano máis de 3.200 persoas se presentaron ás catro convocatorias realizadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORARÁ CO CONCELLO DE LUGO NA URBANIZACIÓN DA RÚA SERRA DE MEIRA, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE MÁIS DE 1,1 M€

- Esta actuación, que se enmarca no Plan Paradaí, ten como obxectivos a mellora e ampliación deste viario entre as glorietas de Serra de Meira e da avenida Adolfo Suárez
- A Xunta financiará a totalidade do orzamento para a execución desta actuación, contratará e executará as obras, mentres que o Concello realizará a xestión para posibilitar a execución destas, que incorporará ao patrimonio público municipal
- Na intervención pavimentarase a calzada, executaranse novas beirarrúas, instalarase mobiliario urbano ou realizaranse tarefas de xardinería para humanizar a contorna
- Tamén se levará a cabo a reposición e mellora dos servizos urbanos de saneamento, abastecemento, telefonía, electricidade e iluminación pública
- O obxectivo da Xunta e poder aprobar o proxecto das obras de reurbanización da rúa Serra de Meira e licitar as obras no primeiro semestre de 2026 e de seguido iniciais

O Consello da Xunta vén de autorizar a sinatura do convenio de colaboración co Concello de Lugo para a nova urbanización da rúa Serra de Meira, que suporá un investimento autonómico que superará o 1,1 M€.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, financiará a totalidade do orzamento necesario para a execución destas intervencións, contratará e executará as obras.

Pola súa banda, o Concello de Lugo comprométese a poñer á disposición da Xunta os terreos necesarios e a realización das xestións pertinentes para posibilitar a súa execución. Tamén asumirá a reposición de servizos e servidumes afectados non incluídos no proxecto, e incorporará ao patrimonio público municipal as actuacións que se leven a cabo.

Esta nova actuación do Goberno galego na cidade, que se enmarca no Plan Paradaí da Xunta, ten como obxectivos a mellora e a ampliación do citado viario no treito comprendido entre as glorietas de Serra de Meira e da avenida Adolfo Suárez, a través de varias intervencións.

Para acometer este proxecto prevense traballos de pavimentación da calzada, a execución de novas beirarrúas, a mellora da capa de rodaxe das sendas peonís, a xardinería, a instalación de mobiliario urbano e a renovación dos servizos municipais.

Tamén se levará a cabo a reposición e a mellora dos servizos urbanos de saneamento (con separación das augas pluviais e residuais), o abastecemento de auga, a telefonía, electricidade e iluminación pública, así como a renovación da sinalización vertical e marcas viarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este convenio terá vixencia desde a súa sinatura ata a entrega das obras e, en todo caso, ata o 31 de decembro de 2028.

O obxectivo da Xunta é poder aprobar o proxecto das obras de reurbanización da rúa Serra de Meira e licitar as obras no primeiro semestre de 2026 e de seguido inicialas. As obras contan cun prazo de execución de 12 meses.

Plan proposta da actuación obxecto do convenio autorizado hoxe no Consello da Xunta:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE CRECENTE NA HUMANIZACIÓN E MELLORA DO NÚCLEO RURAL DE PAZO, CUXO INVESTIMENTO TOTAL ASCENDE A 345.000€

- O Consello da Xunta deu luz verde ao convenio que se asinará co Concello para a execución desta actuación ao abeiro do Plan Hurbe, de apoio ás administracións locais para melloras de equipamentos e contornas urbanas
- A humanización teñen como obxectivo mellorar o pavimento do viario municipal no núcleo rural de Pazo, na parroquia de Rebordechán
- As actuacións consistirán principalmente na mellora da capa de rodadura actual e aproveitarase para realizar ensanches nalgúns zonas para mellorar a mobilidade peonil, así como a seguridade de vehículos e peóns
- Ademais, executarase unha senda peonil, abordarase a sinalización vertical e horizontal, a mellora da recollida de augas pluviais da superficie do viario e o soterramento das redes de telecomunicacións, electricidade e iluminación
- A través do convenio autorizado hoxe, a Xunta financiará o 75 % do custo da actuación (258.746€) e contratará e executará as obras, mentres que o Concello asumirá o 25 % restante (86.248€)

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao acordo de cooperación co Concello de Crecente para colaborar nas obras de humanización e mellora do núcleo rural de Pazo, na parroquia de Rebordechán (Santa María), cuxo investimento total ascende a case 345.000€ (344.995€).

O Goberno galego colaborará co Concello de Crecente nesta actuación a través do Plan Hurbe, destinado a apoiar ás administracións locais en intervencións urbanísticas en contornas urbanas e tamén en mellora de equipamentos.

En concreto, as citadas obras de humanización teñen como obxectivo mellorar o pavimento do viario municipal que dá acceso ao núcleo rural de Pazo cara ao sur, dando servizo a vivendas e parcelas agrícolas. Este viario é utilizado de forma cotiá pola veciñanza da zona, xa que se trata do acceso máis rápido para chegar á Cañiza e conectar coa estrada N-120 ou ben a autovía A-52.

Deste xeito, prevese actuar nos puntos en que os viarios están en peor estado de conservación, sendo precisa unha actuación integral en determinadas zonas. O tramo obxecto do proxecto ten unha lonxitude de 458 m e unha superficie afectada aproximada superior a 2.400 m².

As actuacións consistirán principalmente na mellora da capa de rodadura e aproveitarase para realizar ensanches nalgúns zonas para mellorar a mobilidade peonil, así como a seguridade de vehículos e peóns usuarios da vía. Ademais, executarase unha senda peonil, abordarase a sinalización vertical e horizontal, a mellora da recollida de augas pluviais da superficie do viario e o soterramento das redes de telecomunicacións, electricidade e iluminación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con estes traballos dáse resposta a unha solicitude da veciñanza que reside nesta contorna para unha actuación de mellora no núcleo.

A través do convenio autorizado hoxe, a Xunta financiará o 75 % do custo da actuación (258.746€) e contratará e executará as obras, que terán un prazo de execución de 8 meses. Pola súa banda, o Concello asumirá o 25 % restante (86.248€), asume a redacción do proxecto e asumirá o mantemento da actuación unha vez finalizada. O convenio estará vixente ata o 31 de decembro do 2026.

Actuacións

Para abordar o acondicionamento do viario executarase a demolición parcial de parte do pavimento existente que se atopa en moi mal estado. Ademais, preténdese substituír unha parte da superficie do viario con outro acabado diferenciado, para dotar así a zona que atravesa o núcleo rural dun pavimento máis acorde a unha zona de prioridade peonil.

Así mesmo, nun tramo intermedio da actuación, executarase unha senda peonil de 1,80 m de ancho en formigón. O resto do viario conservará o pavimento de tipo asfáltico. O primeiro tramo comprendido entre o PK 0-95 terá un novo firme de formigón armado con mallazo.

A nova rede de pluviais e rega será moi extensa, tanto ou máis que a propia lonxitude da actuación. Executaranse drenaxes subterráneas para interceptar a auga que poida aparecer, sobre todo en época de choivas, e que danan de forma constante o firme do viario. Soterraranse as redes de telecomunicacións, enerxía eléctrica e iluminación, e abordarase a sinalización vertical e horizontal, reforzarse a seguridade viaria: dous lombos de asno previstos. E instalarase unha nova varanda de aceiro galvanizado de protección da poza existente no pk 80.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 2 M€ A ADQUIRIR LOCAIS COMERCIAIS SEN USO NA CIDADE DE OURENSE PARA DESTINALOS A VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA

- Calvo destaca que os propietarios interesados en presentar unha oferta poderán facelo desde a publicación da oferta no *Diario Oficial de Galicia*, a comezos de xaneiro, e ata o 1 de maio de 2026
- As vivendas resultantes serán cualificadas como de promoción pública con carácter permanente

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, anunciou hoxe que a Xunta destinará 2 M€ á adquisición de locais comerciais sen uso na cidade de Ourense para transformalos en vivendas de promoción pública con cualificación permanente, tal como acordou hoxe o Consello do Goberno galego.

Tal e como sinalou o conselleiro, este acordo serve para “avanzar no compromiso de ampliar o parque público residencial e chegar as 8.000 vivendas protexidas”. Con tal fin, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), realizará unha oferta pública de adquisición de locais sen uso situados en baixos ou entreplanta de inmobles de uso residencial na trama urbana da cidade e teñan un bo estado de conservación e estarán libres de cargas.

Calvo sinalou que, ademais, cada local “deberá permitir a construción de polo menos unha vivenda” que deberá cumprir as condicións exixidas pola normativa en materia de edificación e de habitabilidade.

Segundo sinalou a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, as ofertas que se presenten poderán incluír tamén unha praza de garaxe ou rocho por vivenda resultante.

O IGVS realizará unha taxación dos locais que seleccione entre os que lle sexan propostos e fará unha oferta económica pola contía que resulte máis baixa entre a oferta do propietario, o valor de taxación ou o valor resultante de aplicar os prezos indicados nos parágrafos anteriores.

No caso dos locais que finalmente adquira, o IGVS pagará, ademais do prezo destes, os gastos derivados dos honorarios dos profesionais que interveñan na elaboración da documentación técnica e/ou na realización dos trámites administrativos necesarios para participar nesta oferta pública, “ata un máximo de 1.500€”, abondou Allegue.

Segundo salientou o conselleiro, os propietarios interesados en realizar unha oferta poderá facelo unha vez que esta estea publicada no *Diario Oficial de Galicia*, a comezos de xaneiro e ata o 1 de maio de 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA POR MÁIS DE 6,1 M€ A COMPRA CENTRALIZADA DE UNIFORMES E CALZADO PARA O PERSOAL DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- Trátase da primeira compra centralizada deste tipo de material, coa que se considera acadar un aforro anual de 266.630 euros
- Entre outra roupa, o contrato inclúe a compra de batas, pantalóns, casacas, cazadoras, polos e chalecos para o persoal da rede sanitaria pública galega
- O contrato terá unha duración inicial de 3 anos, podendo ser ampliado por un prazo de 24 meses máis

O Consello da Xunta autorizou esta mañá, na súa xuntanza semanal, a licitación da subministración de uniformes e calzado para o persoal sanitario e non sanitario do Servizo Galego de Saúde. Mediante o contrato autorizado hoxe, o Goberno galego destinará 6.164.171 euros para a dotación da vestimenta dos profesionais da sanidade pública galega.

Distribuído en 10 lotes, o contrato terá unha duración inicial de 3 anos, podendo ser ampliado por 24 meses máis. Neste caso, o seu valor estimado acadará os 9.509.465 euros.

Trátase da primeira compra centralizada deste tipo de material, coa que se agarda acadar un aforro anual de 266.630 euros.

A finalidade deste expediente é dotar, de maneira homoxénea, de uniformidade e calzado ao persoal sanitario e non sanitario dos centros asistenciais da rede do Servizo Galego de Saúde, facilitando a identificación dos traballadores, ademais de homoxeneizar a imaxe da organización.

O contrato inclúe a compra de batas, pantalóns, casacas, roupa cirúrxica, chaquetas, cazadoras impermeables, anoraks, polos, chalecos e outra vestimenta de alta visibilidade. Ademais, tamén se adquiren *lanyards* e portatarxetas para as diferentes categorías profesionais do Servizo Galego de Saúde.

O uso do uniforme supón unha barreira de protección que beneficia tanto o profesional como o paciente. Así, garante unhas condicións axeitadas de seguridade e hixiene no desenvolvemento da actividade asistencial.

A empresa adxudicataria deste contrato tamén se deberá facer cargo da retirada dos produtos coa periodicidade indicada na súa proposta, que en todo caso será de polo menos unha vez ao ano e nunca superior a seis meses. Así, deberá presentar posteriormente unha certificación acreditativa da entrega dos residuos a un xestor autorizado de preparación para a reutilización ou reciclaxe, de acordo cos criterios de proximidade establecidos na normativa vixente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OS ALUMNOS DA FP DUAL DE LABORATORIO CLÍNICO E BIOMÉDICO E DIRECCIÓN DE COCIÑA PODERÁN REALIZAR A SÚA FORMACIÓN PRÁCTICA NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- O Consello da Xunta autorizou hoxe un novo convenio entre as consellerías de Educación, Ciencia, Universidades e FP e o Sergas para completar a formación práctica de ata 44 estudantes nos centros da sanidade pública no curso 2026-2027
- O acordo suporá un investimento da Xunta de case 750.000 euros
- Amplíase así a colaboración asinada no mes de febreiro para completar a formación dos técnicos superiores en Imaxe para o diagnóstico e a medicina nuclear nos centros do Servizo Galego de Saúde

O Consello da Xunta deu esta mañá o seu visto e praxe a un novo convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP e o Servizo Galego de Saúde para o desenvolvemento da formación práctica do alumnado de Formación Profesional Dual dos ciclos superiores en Laboratorio clínico e biomédico e en Dirección de cociña.

O Executivo galego investirá 748.585 euros para completar a formación de ata un total de 44 estudantes destas titulacións nos centros da rede sanitaria pública galega.

O Goberno galego consignou unha partida de 370.239 euros para que os técnicos superiores en Laboratorio clínico e biomédico realicen as súas prácticas nos sete grandes hospitais da comunidade. Os alumnos poderán completar a súa formación no Complexo Hospitalario da Coruña, no de Ferrol, no de Santiago de Compostela, no de Lugo, no de Ourense, no de Vigo e no de Pontevedra.

Así mesmo, a Xunta destinará unha partida de 378.345 euros para que os estudantes do ciclo superior en Dirección de cociña poidan completar a súa formación práctica no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, no Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, no Complexo Hospitalario de Lugo, no Complexo Hospitalario de Ourense e no Complexo Hospitalario de Pontevedra.

Con esta medida, o departamento sanitario galego facilita a utilización dos seus recursos e dispositivos asistenciais para o cumprimento dos proxectos formativos de prácticas. Así, en cada centro asistencial onde se realizan as prácticas, fixarase un plan de formación específico, acorde cos contidos e obxectivos adaptado ao currículo destes ciclos formativos.

Deste xeito, a Xunta cumpre o obxectivo de optimizar a cualificación profesional do estudantado galego, conxugando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa coa formación no centro educativo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este acordo engádese ao convenio de colaboración asinado no mes de febreiro por ambas as institucións para o desenvolvemento da formación práctica nos centros do Servizo Galego de Saúde do alumando do título de Técnico Superior en Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA UN PROXECTO DE ANÁLISE MOLECULAR E VIXILANCIA EPIDEMIOLÓXICA DA LEXIONELA CO OBXECTIVO DE AVALIAR A SÚA INCIDENCIA EN GALICIA

- A Consellería de Sanidade, a Universidade de Santiago de Compostela e a Fundación Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur colaborarán na creación dunha ferramenta que permitirá compartir en tempo real a información sobre esta bacteria
- O Executivo galego inviste 18.150 euros nun proxecto que contribuirá a mellorar a calidade da saúde pública da poboación
- O Centro Singular de Investigacións en Tecnoloxías Intelixentes (CITIUS-USC) deseñará un portal web e aloxará nun repositorio os resultados das mostras analizadas polos Servizos de Microbioloxía do Servizo Galego de Saúde e do Laboratorio de Saúde Pública de Galicia
- A Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur realizará a comparación a nivel xenómico dos secuenciotipos de lexionela

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Centro Singular de Investigacións en Tecnoloxías Intelixentes (CITIUS-USC) e a Fundación Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur para desenvolver un proxecto que permitirá coñecer a incidencia da lexionela na comunidade, así como o xenotipado e a orixe das cepas ambientais, alimentarias e clínicas desta bacteria.

O Goberno galego destinará unha partida de 18.150 euros a unha iniciativa que ten por obxecto promover a creación dunha ferramenta única que permita compartir en tempo real os resultados da secuenciación xenómica e a xeolocalización deste microorganismo patóxeno.

Así, ademais de facilitar a rastrexabilidade da orixe dos patóxenos -tanto en brotes como en casos illados-, posibilitará avanzar na súa investigación e mesmo anticiparse á aparición de eventos determinantes para a saúde, como o estudo de xenes de resistencia a antimicrobianos ou a detección de xenes de virulencia.

Enmarcado nas denominadas estratexias *One Health*, a vixilancia da lexionelose permitirá conformar un repositorio de datos e que profesionais de diversos ámbitos poidan compartir a súa información xénica e epidemiolóxica (data, sexo, idade, abrocho, orixe xeográfica...).

Para isto, a Universidade de Santiago de Compostela analizará, a través do CITIUS, os requirimentos proporcionados polo persoal dos servizos de Microbioloxía do Servizo Galego de Saúde e do Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, para posteriormente aloxar os resultados das secuencias xenómicas nun repositorio accesible. Tamén deseñará un portal web que permita acceder ás diferentes funcionalidades e automatizar completamente o proceso de análise bioinformática.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pola súa banda, a Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur realizará a comparación a nivel xenómico dos secuenciotipos de *Legionella pneumophila* serogrupo 1-14 en Galicia procedentes de illados de mostras ambientais e clínicas. Ademais, establecerá a concentración mínima inhibitoria dos antibióticos de uso clínico fronte a estes serotipos e identificará mediante unha análise panxenómica marcadores xenómicos de *Legionella pneumophila* serogrupo 1.

Con este proxecto, a Xunta incrementa a capacidade de xestión e a vixilancia epidemiolóxica e ambiental das enfermidades infecciosas, tanto en casos illados como en abrochos e nun futuro das toxinfeccións alimentarias. Ademais, posibilitará avaliar a posibilidade de aplicar este modelos a outras toxinfeccións alimentarias, como poden ser a listeria, a salmonella, a campylobacter ou o norovirus.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA A CATRO MESES AS ESTADÍAS FORMATIVAS EN EMPRESAS DOUTROS PAÍSES DA UNIÓN EUROPEA PARA A MOCIDADE EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE

- O Consello dá luz verde á nova convocatoria de *Galicia Moza con Alma*, programa de inclusión social para rapazada con dificultades no acceso ao traballo ou á formación
- A segunda edición incrementa en 30 días, ata as 180 xornadas, o período desta iniciativa para propiciar a integración dos participantes nun emprego ou ensinanza
- A iniciativa da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude mantén a súa partida de 600.000€ para apoiar a incorporación laboral ou formativa de 20 rapaces e rapazas
- Esta acción forman parte das 133 medidas do Plan estratéxico de xuventude 2025-2027, que conta con máis de 700 M€ para mellorar a calidade de vida da xente moza

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á segunda convocatoria de *Galicia Moza con Alma*, programa de inclusión social para a rapazada con dificultades no acceso ao traballo ou á formación e que, nesta edición, ten como principal novidade a ampliación de tres a catro meses da estadía de prácticas formativas non laborais en empresas, entidades ou institucións doutros países da Unión Europea para esta mocidade en situación de vulnerabilidade.

Deste xeito, a iniciativa da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude mantén para 2026 o orzamento de 600.000 euros co que naceu a primeira edición en 2025, pero aumenta en 30 días, ata as 180 xornadas, o período de duración do programa, en que a mocidade participante recibirá de xeito personalizado acompañamento, preparación, formación e tutorización.

En total será un máximo de 20 o número de mozos que poderán integrarse neste programa en 2026, que recibirán a súa formación e preparación a través da participación nos proxectos —non máis de catro— que resulten financiados. Na anterior convocatoria, estableceuse un tope de cinco proxectos e seis participantes máximos en cada un deles, mentres que para 2026 queda establecido nun tope máximo de catro cos seus cinco participantes correspondentes.

Plan estratéxico da Xuventude 2025-2027

Cómpre lembrar que *Galicia Moza con Alma* é unha das 133 medidas do Plan estratéxico de xuventude 2025-2027, aprobado en abril deste mesmo ano, e que conta cun orzamento de máis de 700 M€ para marcar a folia de ruta do Goberno galego dos vindeiros tres anos. O seu obxectivo é mellorar a calidade de vida da xente nova, as súas competencias e capacidades, pola vez que a súa participación activa no desenvolvemento económico, social e cultural de Galicia.

Esta medida concreta da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude procura a promoción de igualdade de oportunidades da poboación moza máis desfavorecida ou en risco de exclusión. Así, esta iniciativa ten como destinataria a mocidade con baixo nivel formativo, que leve desempregada longo tempo, estea empadroada nun concello rural ou se atope en situación de risco de exclusión social.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O programa, cofinanciado pola Unión Europea no marco do programa Fondo Social Europeo Plus – Galicia 2021-2027, ten como obxectivo promover o empoderamento social das persoas mozas desfavorecidas e axudalas a integrarse na sociedade e, en última instancia, a atopar o seu camiño no mercado laboral. Para iso, combina o apoio á educación, á formación profesional ou ao emprego cunha experiencia de aprendizaxe relacionada co traballo noutros países da Unión Europea.

Deste xeito, ofréceselle orientación e asesoramento individual en todas as etapas desta iniciativa, porque o obxectivo é mellorar as habilidades, os coñecementos e a experiencia desta xente nova, pero tamén impulsar a confianza en si mesmo, no que decidan prepararse ou traballar.

Un programa en tres fases

O programa *Galicia Moza con Alma* consta de tres fases, que se desenvolverán de xeito consecutivo. A primeira delas levarase a cabo en Galicia, xa que se trata dunha preparación sociolingüística e intercultural, así como a organización e a preparación da mobilidade das persoas mozas participantes. A duración desta formación oscilará entre un mínimo de 75 horas e un período máximo dun mes.

Despois deste preparatorio, é cando a mocidade inicia as súas prácticas formativas non laborais tres a catros meses consecutivos de duración en empresas, entidades ou institucións doutros países da Unión Europea. Cómpre aclarar que todas as persoas participantes contarán, en todo momento, cunha titorización das prácticas.

Ao seu regreso a Galicia, será cando dea comezo a última fase de seguimento. Neste proceso, a mocidade participante vai contar con apoio continuado do programa para que poidan desenvolver as novas capacidades adquiridas co obxecto de acadar emprego ou seguir estudando e ampliando a súa formación. Para iso, estarán dentro dun plan complementario en habilidades e en competencias para o emprego, cun mínimo de 20 horas lectivas.

Salientar que, no caso dos mozos e mozas que non acaden a inserción laboral nesta última etapa do programa, se lles facilitará a inscrición como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia e se lle ofrecerá participar nun plan titorizado cun orientador deste organismo. Esta fase iniciárase, como moi tarde, unha semana despois de que a persoa participante regrese da súa mobilidade e poderá alongarse un mes como máximo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 54 M€ NO REDESEÑO INTEGRAL DA FORMACIÓN PARA PERSOAS DESEMPREGADAS E OCUPADAS APOSTANDO POLA FLEXIBILIZACIÓN E A CONEXIÓN REAL COAS EMPRESAS

- O Goberno autonómico avanza na revolución completa das políticas activas de emprego con tres novas liñas dirixidas a persoas que buscan traballo ou recualificación baixo un mesmo modelo de formación modulable á demanda do tecido produtivo
- Racha as rixideces para priorizar a eficacia destas políticas dentro dun modelo que xa xirou o enfoque das Accións Formativas para persoas Desempregadas (AFD), cuxa nova orde chegará avalada polo éxito da do 2025, con máis do 91 % de accións xa iniciadas
- Baixo esta mesma visión, o Consello deu hoxe luz verde ao novo plan *Galicia Suma Talento: Formación Ocupados*, que, xunto á nova orde de formacións para persoas traballadoras, buscará atender con axilidade as necesidades formativas das empresas
- Esta batería de apoios inclúe novidades importantes para facilitar o acceso aos diferentes niveis das accións tanto das persoas -permitindo unha formación máis fluída- como das propias empresas que acrediten unha necesidade formativa
- Ademais, hoxe validouse a sinatura dun convenio de colaboración coa Fundación Santa María la Real para seguir impulsando o programa *Hubs de activación da empregabilidade* co que en 2026/2027 se prevé apoiar 210 persoas sen traballo

O Goberno autonómico investirá máis de 54 M€ dentro do redeseño integral da formación para persoas desempregadas ou ocupadas a través de tres novas convocatorias de liñas de apoios que quedan enmarcadas no novo modelo da Xunta neste eido, que aposta pola flexibilización, a axilidade, a conexión co tecido produtivo e a demanda efectiva das persoas beneficiarias da formación para potenciar a súa empregabilidade e atender as necesidades de talento das empresas. Nesta liña, o Consello da Xunta deu luz verde hoxe mesmo á nova convocatoria das Accións Formativas para persoas Desempregadas (AFD) -dotada con 40 M€- e ao novo plan *Galicia Suma Talento: Formación Ocupados* (10,6 M€), que buscará atender coa maior fluidez as necesidades de formación interna das empresas galegas en combinación con medidas coma as accións dirixidas á formación para ocupados, cuxa nova orde dotada con 4 M€ tamén foi avaliada hoxe.

O obxectivo é revolucionar por completo as políticas activas de emprego baixo un mesmo modelo de formación modulable, escalable e a demanda do tecido produtivo, apostando por perfilar e levar estas accións á realidade das empresas galegas. Unha visión que xa xirou por completo as AFD, cuxa nova orde aprobada hoxe chegará en 2026 avalada polo éxito dunha convocatoria que xa ten máis dun 91 % de accións iniciadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este é o modelo que se vai introducindo en todas as liñas formativas, como en *Galicia Suma Talento: Plan de Formación Empresas* ou coordinando a propia formación cos apoios á contratación.

Baixo este mesmo marco, as novas liñas inclúen novidades para, entre outros aspectos, facilitar o acceso -ou reincorporación- das persoas traballadoras e das empresas que acrediten unha necesidade formativa -dirixida ao seu propio persoal ou a demandantes de emprego-. Por exemplo, nas AFD e en *Galicia Suma Talento: Formación Ocupados*, flexibilizarase o acceso á formación ás persoas que estean en proceso de homologación de estudos estranxeiros -na liña do plan de captación de talento- ou pendentes da expedición dun certificado profesional -permitindo que continúen a súa formación dun xeito máis áxil-. A isto engádese que, en ambas as iniciativas e por primeira vez neste tipo de apoios, se permitirá presentar varias solicitudes ata acadar o máximo de accións.

Ademais, do mesmo xeito que nos AFD, nos apoios á formación para persoas ocupadas, cada acción debe responder a unha demanda real, cun compromiso previo acreditado polas entidades formativas e centros de formación homologados dun mínimo do 30 % do alumnado. Outras facilidades, tanto en AFD como ocupados, é que poderán concederse anticipos de ata o 60 % da axuda aprobada para blindar a solvencia técnica das accións.

Novas liñas de accións formativas para persoas ocupadas

En concreto, o plan *Galicia Suma Talento: Formación Ocupados* verá a luz a comezos de 2026 e coa previsión de poder beneficiar máis de 20.000 persoas ocupadas mediante accións formativas de todas as familias profesionais do catálogo do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE), entre elas as relacionadas con sectores estratéxicos como a automoción ou enerxías renovables. Neste sentido, ampliará o prazo de presentación de solicitudes, permitindo presentalas durante case todo o ano co fin de desestacionalizar a oferta formativa e adaptala de xeito óptimo ás necesidades do tecido empresarial.

A maiores, a nova convocatoria de apoios a accións formativas para persoas ocupadas a demanda do tecido produtivo – para o financiamento de accións formativas do Sistema de Formación Profesional dos graos A, B e C e competencias clave– lanzarase en vindeiros días buscando a adquisición áxil de novos coñecementos e competencias certificables.

Nova convocatoria das Accións Formativas para persoas Desempregadas (AFD)

En canto á nova convocatoria de AFD, o crédito inicial de 40 M€ poderá ampliarse segundo as necesidades. Con ela potenciarase o redeseño realizado na última convocatoria a prol da súa eficacia, xa que, entre outros avances, flexibilizará os requisitos para participar nas accións formativas. Nesta liña, as persoas que rematen unha formación poderán acceder a outra de nivel superior sen ter que esperar a expedición do certificado profesional da acción formativa anterior. Ademais, continuará impulsando a posibilidade de impartir microformacións e formación dual obrigatoria nas formacións de longa duración, cun mínimo do 25 % en contornas reais de traballo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén seguirá dando pulo ao papel das oficinas de emprego para identificar as necesidades formativas por sectores e territorios.

Novos programas de empregabilidade

Seguindo no eido das políticas activas de emprego, o Consello da Xunta tamén aprobou a sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Fundación Santa María la Real para continuar impulsando o programa *Hubs de activación da empregabilidade*, co que no período 2026/2027 se prevé apoiar a busca de emprego de 210 persoas sen traballo cun investimento total por parte da Xunta de máis de 156.000€. Neste marco, en xaneiro comezarán os itinerarios formativos do hub na Coruña, na sede do Centro de Orientación ao Emprendemento, coa Lanzadeira de Emprego Activa e Despega, e en Marín coa Lanzadeira de Emprego Nómade. Posteriormente seguirán en Vigo, Santiago e A Coruña, durante 2026 e ata agosto de 2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA AXUDAS POR IMPORTE DE CASE 1,3 MILLÓNS DE EUROS PARA A RECOLLIDA DE RESIDUOS E ALGAS QUE POIDAN AFECTAR OS BANCOS MARISQUEIROS

- As subvencións están cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) e destinaranse a proxectos colectivos para a protección dos ecosistemas mariños e a biodiversidade fronte aos efectos do cambio climático
- As entidades beneficiarias serán confrarías de pescadores, organizacións de produtores pesqueiros, cooperativas do mar e demais entidades galegas sen ánimo de lucro
- Unha das novidades é que os destinatarios poderán obter financiamento previo solicitando ata o 50 % de anticipo da axuda sen a necesidade de presentar garantías, o que facilitará a execución dos proxectos

O *Diario Oficial de Galicia* publicará nas vindeiras semanas a orde da Consellería do Mar pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2026 das axudas destinadas a financiar proxectos colectivos para a protección e a recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante a recollida de residuos e de arribazóns de algas que poden afectar os bancos marisqueiros. A convocatoria conta cun orzamento total de 1,275 millóns de euros, cofinanciados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) e pola Xunta de Galicia.

Estes apoios enmárcanse no Plan MarLimp Horizonte 2030, impulsado pola Consellería do Mar, que ten como obxectivo contribuír a un medio costeiro e mariño limpo, saudable e produtivo, ao tempo que reforza o papel das persoas pescadoras e mariscadoras como gardiás do mar. A iniciativa dá continuidade ás actuacións desenvolvidas desde 2020, período en que se executaron 36 proxectos que permitiron retirar máis de 476 toneladas de residuos mariños, cunha elevada implicación do sector.

Estas axudas están dirixidas a confrarías de pescadores, organizacións de produtores pesqueiros, cooperativas do mar e outras entidades asociativas sen ánimo de lucro, integradas por profesionais do sector e con ámbito de actuación en Galicia. Os proxectos subvencionables inclúen accións de pesca de lixo activa e pasiva no mar e nas praias, retirada de artes de pesca perdidas, recollida de arribazóns de algas en zonas con proliferación anormal, así como actuacións de xestión, reciclaxe, valorización dos residuos e iniciativas de divulgación e sensibilización ambiental.

Neste sentido, cómpre salientar o elevado grao de implicación do sector, xa que unha ampla maioría dos plans de xestión de marisqueo incorporan a recollida de lixo mariño e de algas como labores de conservación, contribuíndo á protección dos bancos e á mellora das condicións do medio de traballo.

A convocatoria de 2026 reforza tamén as actuacións fronte ás proliferacións recorrentes de algas, un fenómeno asociado aos efectos do cambio climático que pode ter consecuencias negativas para os bancos marisqueiros. Estudos realizados pola

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consellería do Mar identifican zonas concretas das rías galegas —especialmente en Muros-Noia, Arousa, Pontevedra e Vigo— onde estas acumulacións poden provocar diminución de oxíxeno e perda de biodiversidade, polo que a retirada controlada constitúe unha ferramenta clave de prevención.

Simplificación administrativa

Como principal novidade desta convocatoria, a Xunta introduce a exención da obriga de presentar garantías para a percepción de pagamentos a conta e anticipos, de ata o 50 %, co obxectivo de simplificar o procedemento administrativo e facilitar o acceso ás axudas. Esta medida busca evitar cargas financeiras, que, en ocasións, poden comprometer a viabilidade das entidades beneficiarias.

A orde de axudas para 2026, que se publicará no DOG ao longo do mes de xaneiro, permitirá seguir impulsando proxectos de interese público que contribúen á mellora ambiental do litoral galego, á protección dos recursos mariños e ao fortalecemento dun sector estratéxico para Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCARÁ AXUDAS EN 2026 POR MÁIS DE 9,2 M€ PARA MELLORAR OS SISTEMAS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO E A PROTECCIÓN DOS RÍOS, O MAIOR ESFORZO ECONÓMICO REALIZADO NESTE EIDO

- O Consello toma razón dun informe da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático sobre as oito ordes de subvención que se publicarán no próximo trimestre
- Cun aumento do 22 % respecto do orzamento das convocatorias deste ano, haberá axudas para entidades locais, comunidades veciñais, particulares e entidades sociais
- Reforzaranse as liñas destinadas á optimización do funcionamento das redes municipais, con case un 40 % máis de fondos para minimizar as perdas de auga e reducir as infiltracións, e haberá de novo axudas para encargar auditorías
- Augas de Galicia confirma a súa aposta polos sistemas de depuración autónomos en núcleos rurais e para vivendas, con apoios que cubrirán ata o 100 % do investimento
- Para completar este tipo de actuacións, a Xunta manterá o seu apoio á educación ambiental a través dunha orde de subvencións dirixida a entidades sen ánimo de lucro con proxectos que incidan no coidado e na conservación dos recursos hídricos
- Desde 2019, o organismo de conca autonómico xa destinou máis de 22,5 millóns de euros a financiar a través de axudas obras, auditorías e estudos a nivel municipal para mellorar os sistemas de abastecemento, saneamento e depuración de Galicia

A Xunta destinará en 2026 algo máis de 9,2 millóns de euros a ofrecer diferentes liñas de apoios para impulsar actuacións que melloren a eficiencia, a sustentabilidade e o funcionamento en xeral dos sistemas de abastecemento e de saneamento de augas, garantan solucións axeitadas ao medio rural e reforcen a protección dos ríos galegos. En total, serán oito ordes de axudas con convocatoria prevista no primeiro trimestre do próximo ano e dirixidas maioritariamente aos concellos, pero tamén nalgún caso a comunidades de usuarios de traídas veciñais e a cidadáns particulares.

Así se recolle no informe do que tomou razón hoxe o Consello da Xunta con todas as liñas de apoio que convocará en 2026 Augas de Galicia para seguir avanzando na súa estratexia de profesionalización da xestión dos recursos hídricos e que revela un incremento orzamentario do 22 % con respecto ao paquete de subvencións deste ano.

En concreto, tras o impulso nos últimos exercicios ás auditorías das redes municipais, en 2026 incidirase máis nas axudas para actuacións directas. De feito, as dúas liñas de apoios que experimentarán un maior incremento serán as dirixidas a financiar obras para minimizar as fugas nas redes e as destinadas a reducir as infiltracións de augas brancas (augas limpas naturais que chegan á rede e hai que depurar).

Estas dúas ordes de axudas convocaranse o ano que vén cun orzamento inicial para cada unha de 3,43 millóns de euros fronte aos 2,5 millóns cos que se publicaron en 2025, é dicir, case un 40 % máis de fondos para apoiar aos concellos e ás entidades locais menores na execución de intervencións coas que se responde tamén aos retos do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cambio climático, xa que con elas se contribúe a aumentar a resiliencia e a eficiencia dos sistemas hidráulicos fronte a posibles secas e outros episodios extremos.

En todo caso e a pesar de que se porá máis o foco no apoio á execución de obras hidráulicas, Augas de Galicia volverá ofrecer un ano máis incentivos económicos para que os concellos poidan encargar estudos de diagnose sobre o estado das súas redes. En concreto, convocaranse axudas para realizar auditorías de abastecemento (cunha dotación de 200.000 euros) e de saneamento (500.000 euros).

Así, os concellos e as entidades locais menores interesados poderán optar a un máximo de 15.000 euros para analizar o funcionamento dos seus sistemas de traída municipais co fin de elaborar despois plans de actuación que minimicen as perdas de auga; e tamén terán acceso a incentivos de ata 15.000 euros para localizar posibles infiltracións de augas sen depurar. Estes apoios poderán cubrir o 100 % do investimento.

Ademais destas ordes xa consolidadas, Augas de Galicia reafirmará o próximo ano a súa aposta por dúas liñas estratéxicas que se convocaron como novidade en 2025 co fin fomentar o uso de sistemas de saneamento autónomos e que agora pretende consolidar ata convertelos en instrumentos estruturais da política hidráulica.

En concreto e por segundo ano consecutivo, haberá achegas con límites de entre 7.500 euros e 20.000 euros para concellos que aposten por este tipo de solucións en núcleos rurais illados de ata 15 vivendas. O crédito asignado neste caso é de 772.503 euros.

Así mesmo, tamén se porá á disposición dos propietarios de vivendas unifamiliares axudas de, como máximo, 4.000 euros co fin de acometer a renovación daquelas foxas sépticas que non cumpran uns obxectivos mínimos de depuración. O orzamento inicial co que se convocarán estes incentivos é de 200.000 euros.

Outra orde de subvencións que volverá convocar o organismo hidráulico en 2026 será a dirixida a apoiar as comunidades de usuarios que xestionan e se ocupan do mantemento das súas propias traídas de auga, entidades que normalmente teñen bastantes dificultades para proporcionar un servizo de calidade debido ao elevado custo das melloras e do mantemento deste tipo de instalacións.

Cun orzamento de 500.000 euros, Augas de Galicia cubrirá ata o 80 % das melloras nas instalacións de captación, potabilización e almacenamento de auga, así como nos sistemas de medición de caudal destas traídas, cun límite de 15.000 euros por solicitude.

Por último e para completar este tipo de actuacións subvencionables que poñen o foco nas infraestruturas hidráulicas, a Xunta apostará tamén pola educación ambiental e a participación cidadá a través dunha orde de axudas dirixida a entidades sen ánimo de lucro con proxectos e actividades que incidan no coidado dos recursos hídricos. Cun crédito de 200.000 euros, o obxectivo é mellorar o estado dos ecosistemas fluviais.

Reforzo continuado desde 2019

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O compromiso da Xunta co proceso de mellora dos sistemas de abastecemento, saneamento e depuración tradúcese desde hai anos nun esforzo continuo por apoiar as administracións locais e as comunidades de usuarios particulares na optimización dos sistemas de abastecemento e de depuración que lles dan servizo.

Esta colaboración plasmasse no período 2019-2025 en máis de 22,5 millóns de euros canalizados a través de diferentes ordes de subvencións, cun investimento medio superior aos 3 millóns de euros anuais, unha media de arredor de 125 axudas concedidas por exercicio e prestando sempre unha atención especial ás necesidades dos municipios máis pequenos e ao rural galego.

En concreto, só o ano pasado se concederon un total de 261 subvencións en varias convocatorias cun importe total de 7,6 millóns de euros a concellos, comunidades de usuarios, cidadáns particulares e entidades sen ánimo de lucro.

Neste sentido, Augas de Galicia segue intensificando o seu apoio para mellorar a calidade dos servizos hidráulicos na Comunidade, como demostra a contía reservada ás oito liñas de axudas que convocará nos próximos meses, dotadas dun orzamento de máis de 9,2 millóns de euros.

Aposta pola profesionalización

O esforzo realizado por Augas de Galicia para mellorar os sistemas de abastecemento e de saneamento nos últimos anos enmárcase na súa estratexia para a profesionalización da xestión dos recursos hídricos, tamén no eido municipal, e vai en liña cos obxectivos da Lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario e da máis recente Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

Como parte desa estratexia, impulsou diversas accións en todos os ámbitos relacionados co ciclo da auga e os seus usos como a execución de exhaustivas diagnoses sobre a situación dos sistemas de abastecemento e saneamento, o establecemento de plans de actuación para mellorar o escenario de partida e a súa posterior execución.

Neste contexto, a Xunta marcou a folia de ruta para acadar a renovación e a actualización dos sistemas municipais de tratamento da auga, así como o fortalecemento das traídas veciñais—que adoitan ser a mellor solución para garantir a subministración a pequena escala—, polo que as axudas directas a entidades locais e a comunidades de usuarios de abastecemento resultan claves para acadar as melloras perseguidas.

A necesidade deste apoio económico por parte de Augas de Galicia resulta se cabe máis importante nunha comunidade como a galega, caracterizada por unha gran dispersión e que supera os 30.000 núcleos de poboación, máis da metade dos de toda España.

Esta realidade territorial complexa e dispersa —derivada entre outras razóns da propia riqueza de Galicia en canto á cantidade e á calidade das súas augas— é a que conformou uns sistemas de abastecemento e de depuración tamén difíciles de xestionar. Como

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mostra, cómpre subliñar que na comunidade hai máis de 5.000 captacións inventariadas, 929 potabilizadoras, 156 estacións depuradoras de gran capacidade e unha rede de saneamento integrada por máis de 25.000 quilómetros de colectores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA CON 17 M€ A TRANSFERENCIA AO MERCADO DE 41 PROXECTOS QUE XA CAPTAN PRETO DE 30M€

- Grazas ao programa Ignicia hai xa 14 iniciativas no mercado (11 spin-offs e tres acordos coa industria) e outras 15 están en fase de desenvolvemento comercial
- Resólvese a quinta convocatoria, que apoia nove proxectos de investigación con 4 M€ en que participan 47 profesionais das universidades e de centros tecnolóxicos
- Este proxecto, enmarcado no Plan galego de I+D+i 25-27, é un dos principais instrumentos do Goberno galego para facilitar a transferencia de coñecemento

O programa Ignicia, un dos principais instrumentos da Xunta de Galicia para facilitar a transferencia de coñecemento real das investigacións á sociedade, apoia desde o ano 2016 41 proxectos con 17M€ que xa lograron captar preto de 30 M€ en investimentos públicos e privados a nivel rexional, nacional e europeo. Así se informou hoxe na reunión semanal do Consello do Goberno galego, onde tamén se deu a coñecer a resolución da quinta convocatoria desta iniciativa para apoiar nos próximos dous anos a chegada ao mercado de nove proxectos de investigación con 4 M€.

Este programa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP desenvólvese a través de dúas liñas de actuación complementarias: Ignicia Proba de Concepto, a convocatoria para apoiar as entidades que queiran lanzar proxectos de investigación, e Ignicia Transferencia, que desprega un conxunto de actuacións especializadas de apoio como programas de captación, transferencia e persoal investigador, seguimento de indicadores ou posicionamento dentro e fóra de Galicia. Esta ferramenta ten como obxectivo potenciar a valorización do coñecemento dos centros de I+D+i galegos, impulsando a creación de novas *spin-offs* e acordos de licenzas de comercialización da tecnoloxía xerada en Galicia.

Neste sentido, a Xunta de Galicia leva apoiados desde o ano 2016 un total de 41 proxectos. Destes, 14 proxectos xa chegaron ao mercado, dos que 11 se constituíron como *spin-offs* e dan emprego de alta cualificación a máis de 150 persoas e os outros tres firmáronse como acordos coa industria para a comercialización dos resultados dos seus proxectos. Outros 15 proxectos están en execución, mentres que outros tres non acadaron os obxectivos de comercialización. Agora, os novos nove proxectos da quinta convocatoria de 2025 comezarán a funcionar en 2026.

Cun investimento de 17 M€ da Xunta de Galicia, os proxectos do programa Ignicia captaron preto de 30 M€ de financiamento público e privado, mostra de que esta iniciativa pioneira e referente a nivel estatal logra o aproveitamento económico dos resultados da investigación, a creación de emprego de carácter cualificado e a mobilización e a atracción de investimentos públicos e privados cara a Galicia. Así mesmo, o programa serve como nexo entre a ciencia excelente e a contorna empresarial, apoiando o proceso para xerar retornos económicos e ter como fin a comercialización dos resultados da investigación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este programa, centrado na transferencia dos resultados de investigación á sociedade para o seu aproveitamento real, forma parte do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027, en que a transferencia de coñecemento é un dos piares.

Resolución da quinta convocatoria

A Xunta de Galicia vén de resolver a quinta edición da convocatoria de Ignicia Proba de Concepto, na que se apoiará a chegada ao mercado de nove proxectos nos que están involucrados 47 investigadores con 4 M€. Concretamente, os beneficiarios desta edición son tres proxectos da Universidade de Santiago de Compostela, dous da Universidade de Vigo, dous do centro tecnolóxico AIMEN, un da Universidade da Coruña e outro do centro tecnolóxico Gradiant. Oito destes proxectos aspiran a crear unha *spin-off*, mentres que un propón o licenciamento á industria da súa tecnoloxía.

Os proxectos, que comezarán a súa actividade o vindeiro mes cun prazo estimado de dous anos, pertencen a unha ampla variedade de sectores: dous deles teñen como prioridade a sustentabilidade desde o sector enerxético e o sector da biotecnoloxía industrial, outros tres a dixitalización na industria, pero tamén no sector saúde e están relacionados coa intelixencia artificial, a criptografía e impresión 3D. Os catro restantes teñen como prioridade o enfoque nas persoas, o desenvolvendo tecnoloxías no ámbito da medicina de prevención, rexenerativa e de precisión.

Proxecto	Entidade beneficiaria	Investimento	Tipo	Resumo do proxecto
ZinCAGE	USC	503.550€	Spin-off	Tecnoloxía patentada de electrolitos acuosos supramoleculares para baterías recargables como alternativa para os sistemas convencionais.
SiRNA	USC	438.500€	Acordo de licenza	Terapia dirixida a cancros agresivos con prognóstico extremadamente malo e opcións de tratamento limitadas.
NANO-ARN	USC	585.000€	Spin-off	Plataforma nanotecnolóxica para a administración eficiente, segura e escalable de ácidos nucleicos en células humanas primarias.
IAQIA3	UVigo	389.596€	Spin-off	Monotorización e modelización en tempo real da calidade do aire interior mediante intelixencia artificial.
SENPAD	UVigo	381.500€	Spin-off	Terapia para tratar a artrose abordando unha necesidade clínica non cuberta e ofrecendo opcións máis eficaces aos pacientes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ORAL REGENERIX	UDC	421.000€	Spin-off	Validar clinicamente unha nova plataforma portátil de biopluma e biotinta para a rexeneración de tecidos orais.
L3DO	AIMEN	461.000€	Spin-off	Desenvolver a primeira impresora 3D industrial de sobremesa.
COLOSUS	AIMEN	432.788€	Spin-off	Sensor capaz de detectar a bacteria <i>escherichia coli</i> en auga.
QRYPTION	Gradiant	386.166€	Spin-off	Plataforma tecnolóxica destinada a mellorar a xestión e a protección dos activos criptográficos nas entidades financeiras.